

Proxección de fogares. 2002-2017

COMUNICADO

Estímase que o número de fogares en Galicia medre un 21,5% nos próximos 12 anos

O IGE levou a cabo unha estimación dos fogares galegos, para o período 2002-2017, a partir dos datos da “Proxección da poboación de Galicia. 2002-2051”

O obxectivo principal da actividade estatística “Proxección de fogares” é elaborar unhas estimacións dos fogares galegos para o período 2002-2017. As proxeccións de fogares son un complemento das “Proxeccións da poboación de Galicia. 2002-2051” xa realizadas, pertencen ás denominadas proxeccións derivadas e ofrecen resultados para o conxunto da Comunidade Autónoma galega e as súas provincias.

Maior crecemento dos fogares nas provincias atlánticas

No período 2002-2017 estímase que os fogares que residen en vivendas familiares principais da provincia de Pontevedra e A Coruña medren un 35,3% e 30,9%, respectivamente, mentres que os de Lugo e Ourense só aumentarán, en termos relativos, nun 14% e 15,6%. Este comportamento levará a unha diminución do tamaño medio do fogar no período considerado.

Proxección de fogares 2002-2017

Ano	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
2002	366.520	125.173	126.711	287.509	905.913
2003	373.560	126.325	127.926	293.376	921.187
2004	380.663	127.644	129.354	299.565	937.226
2005	387.817	128.964	130.720	305.882	953.383
2006	395.008	130.187	132.076	312.279	969.550
2007	402.385	131.419	133.423	318.747	985.974
2010	425.309	135.074	137.543	339.006	1.036.932
2017	479.891	142.701	146.467	389.083	1.158.142

Fonte: Proxección de fogares. 2002-2017



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

Para máis información:

Publicacións relacionadas (opcional)

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: **981.54.15.89** (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: **981.54.13.23**
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es